



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RECTIFICACIÓN ERRO DECRETO 122/2019 DE DATA 07/05/2019 APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA O PROCESO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TÉCNICO DE TURISMO

**EXPEDIENTE:**2019/G003/000135

### ANTECEDENTES:

Visto que por decreto de alcaldía núm. 122/2019 de data 07/05/2019 foi aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección mediante concurso oposición para a contratación laboral temporal dun/ha técnico de turismo.

Considerando que na lista definitiva de admitidos houbo un erro ao non incluír unha solicitude presentada en tempo e forma polo candidato con DNI 44829247Q ( número rexistro xeral da Xunta de Galicia 2019/955709 de data 29/04/2019).

Tendo en conta o artigo 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas que establece no seu apartado 2 “Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos en sus actos.”

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o erro na lista definitiva de admitidos/as e engadir como aspirante admitido a persoa candidata con DNI 44829247Q para tomar parte no proceso selectivo para a contratación dun/ha técnico de turismo.

**SEGUNDO.-** Publicar no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web aos efectos oportunos.

**En Santiso, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;**